

ESTATUTO VERSUS DEMOCRACIA

O pasado 5 de decembro foron publicados no DOG os Estatutos da nosa Universidade. O seu procedemento de aprobación foi absolutamente sectario e antidemocrático. Domingo Docampo deu un “golpe de estado” contra a comisión encargada polo Claustro para a elaboración do proxecto de Estatutos, cando esta estaba chegando a acordos. Como consecuencia Docampo, desde a súa triple personalidade de Rector, Presidente da Mesa e defensor do Texto impuxo o seu Estatuto, co beneplácito “dos seus”, que deberon de considera-la súa actuación como un exemplo de democracia. O caso é que o Rector que se posicionou claramente contra a LOU, que autorizou a asistencia a manifestacións anti LOU sen contempla-las necesidades dos servizos, nin as necesidades académicas da aquel curso, decatouse de que a LOU lle permitía elaborar uns Estatutos á súa medida:

- Un Claustro inoperante, desprovisto de calquera función real de control, convertido nunha forma de gastar en dietas para nada.
- Un Consello de Goberno con maioría aplastante “dos seus” e con representantes do Consello Social como testemuñas das súas fazañas. Reunións dunha hora e sen rechistar. Debate nulo.
- Un Rector con plenos poderes en tódolos ámbitos da xestión académica e sen ter que render contas ante ninguén.

O colectivo CUPAS presentou ata 70 alegacións ó proxecto de Estatutos, das que non foi considerada nin unha. Tan malos non poden ser.

O Rector/Presidente da Mesa/Texto só aceptou alegacións previamente pactadas (sobre todo dos estudantes, colectivo pouco estruturado e fácil de contentar pola inmediatez das súas reivindicacións). Como consecuencia o Claustro do pasado 17 de decembro estaba baleiro, a pesar de tratarse o informe anual do Rector. Este recoñeceu non estar contento co proceso de elaboración dos Estatutos e confiou en que se puidera rectificar na elaboración dos Regulamentos. Demasiado tarde. Xa hai damnificados. Moitos de nós xa non confiamos en que se poida establecer un control serio sobre a actuación do Rector e do seu equipo.

Domingo Docampo xa ten o seu Estatuto. Nós perdemos a democracia. Estes non son os nosos Estatutos, son impostos. Retomemos o espírito+ anti-LOU.